

## Obradoiro de teleformación para cadros directivos de cooperativas

[ En colaboración coa Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social (EFESO) do FSE+ ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	Do 10 ao 26 de xuño de 2024	<b>DURACIÓN</b>	25 horas
<b>HORARIO</b>	Haberá 2 sesións virtuais en horario de mañá a través de <a href="http://www.aulaespazocoop.com">www.aulaespazocoop.com</a>		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN</b>	A través da Aula Virtual de EspazoCoop: <a href="http://www.aulaespazocoop.com">www.aulaespazocoop.com</a>		
<b>PERSOA CONTACTO</b>	<b>DE</b> Patane García Méndez	<b>TELÉFONO</b>	697877773
		<b>E-MAIL</b>	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRTE [PREME AQUÍ](#)

### OBXECTIVOS

- Identificar os requisitos e as condicións necesarias para a xestión do modelo cooperativo.
- Contribuír a poñer en valor as achegas sociais e económicas das cooperativas.
- Dar a coñecer recursos e ferramentas útiles para as persoas socias e os equipos técnicos das cooperativas.
- Potenciar a creación de redes de intercambio e colaboración entre as persoas socias con responsabilidades xerenciais das cooperativas participantes.

### PROGRAMA E CONTIDOS

- Formación cooperativa básica.
- Habilidades sociais e organización societaria en cooperativas.
- A área comercial e de mercado e a área económico-financeira.
- A planificación estratéxica. Ferramentas para o plan de mellora.

### METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno, coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación. Cada curso terá dúas sesións virtuais de aprendizaxe que complementan os contidos do curso.

### DIRIXIDO A

Persoas socias e asalariadas das cooperativas que teñan funcións e/ou responsabilidades de dirección ou que estean interesadas en desenvolver as súas capacidades para asumilas. Darase prioridade á participación das mulleres socias de cooperativas, ás persoas mozas e ás persoas socias de cooperativas radicadas no medio rural. Persoas formadas en xestión de empresa que queiran completar os seus coñecementos no cooperativismo.

Composición do grupo: mínimo 10 e máximo 20 persoas.



Este programa enmárcase:

- No programa de actuación 2023-2024 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social.

- Programa de Empleo, Formación, Educación y Economía Social, EFESO, cofinanciado por el Fondo Social Europeo Plus para el período 2021-2027, a través del organismo intermedio CEPES.